

NOTA INFORMATIVA SOBRE A IMPUTACION DE RETRIBUCIÓNS EN ESPECIE A PERSOAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO DERIVADAS DA EXENCIÓN DE TAXAS UNIVERSITARIAS.

Vigo, 21 de novembro de 2016

A Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, BOE do 29 de novembro de 2016, regula nos seus artigos 42 e 43 o tratamento fiscal das rendas en especie, definidas como:

“Artículo 42. Rentas en especie.

- 1. Constituyen rentas en especie la utilización, consumo u obtención, para fines particulares, de bienes, derechos o servicios de forma gratuita o por precio inferior al normal de mercado, aun cuando no supongan un gasto real para quien las conceda”*

En cumprimento da normativa legal a **Resolución Reitoral do 28 de maio de 2015 pola que se convocan axudas e subvencións para o persoal das Universidades públicas galegas para a matrícula en estudos oficiais na Universidade de Vigo no curso académico 2015/2016** no apartado 5.1 indica que para o persoal da Universidade de Vigo:

“A contía desta subvención ten a consideración de retribución en especie segundo se regula no artigo 42 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, e como tal está suxeita a tributación como rendemento do traballo e por tanto, sometida ao sistema de retención a conta na porcentaxe que se practique aos restantes rendementos de traballo. Ademais, en aplicación do artigo 109 do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social incluírase na base de cotización”.

Como consecuencia do dito anteriormente, na nómina de novembro de 2016 o importe total da retribución en especie, en concepto de matrícula para estudos oficiais, imputarase como rendemento de traballo (concepto: Desconto matrícula retrib. en especie), aplicarase o tipo de IRFP correspondente a dito mes, co conseguinte incremento da cantidade a reter en concepto de I.R.P.F, e regularizarase o tipo de retención na nómina de decembro 2016.

Ao persoal incluído no réxime xeral da seguridade social, o importe total percibido como renda en especie ratearase nas bases de cotización correspondentes ao ano 2016, regularizando as bases de cotización, o que implicará “con carácter xeral” un incremento no importe da base de cotización, cos conseguintes efectos, por unha banda aumento da cantidade a pagar en concepto de cota obreira, e por outra , unha minoración no líquido a percibir.